

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, DO POSTO DE ADXUNTO/A SERVIZO NA ADXUNTÍA DE XESTIÓN URBANÍSTICA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Vista a providencia do 17 de xullo de 2026 asinada polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Urbanismo, de incoación dun expediente de provisión dun posto de traballo no Servizo de Urbanismo do Excmo. Concello de Lugo, para a súa cobertura en comisión de servizos polo prazo dun ano prorrogable por outro.

Ponse en coñecemento das persoas interesadas que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión, para que acheguen a instancia xunto co curriculum vitae e un informe favorable do Servizo de procedencia a través do Rexistro xeral ou electrónico do Concello de Lugo ata o **30 de xullo 2026**, inclusive.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo
1	ADXUNTO/A SERVIZO	2101/221	A.X	TEC	A1

Os criterios de selección serán os referidos a antigüidade, grao persoal, traballo e postos realizados así como a formación e/ou os méritos académicos, preferiblemente relacionados co posto a desenvolver.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da Sede electrónica e remitirase o anuncio aos correos corporativos.